

Irimia

Xestionado pola [Asociación Irimia](#)

Reseña

Deus, home, mundo. A Trindade en Raimon Panikkar. Herder, Barcelona 2008, 533 pp.

Victorino Pérez Prieto é sobradamente coñecido en Galicia por unha extensa produción literaria, orientada maiormente a todo o que ten que ver coa dimensión relixiosa cristiá e a incidencia desta dimensión relixiosa nos máis diferentes campos da vida cotiá galega. *A xeración “Nós”. Galeguismo e relixión* (Galaxia, 1988), *Galegos e cristiáns* (SEPT, 1995), *Do teu verdor cinguido. Ecoloxismo e cristianismo* (Espirál Maior, 1997), *Contra a síndrome N.N.A. (Non hai Ningunha Alternativa)* (Xerais, 2005)... *Os ríos pasan cheos de Deus. Poesía relixiosa en galego* (Toxosoutos, 2007). Non é do caso presentar aquí estas obras que tal cousa avalan, escritas en galego, aínda que logo saíse a edición castelá dalgunhas. Se neste caso escolle Victorino o castelán coma lingua de comunicación escrita, débese ao interese que o seu pensamento espertou entre editoriais e lectores alleos ao mundo galego, cos que o autor tamén quere compartir as súas buscas e descubertas intelectuais e vitais.

Manuel Regal Ledo - 19:26 30/04/2009

A presente obra é o froito, moi coidado no tempo e na dedicación, do seu doutoramento en Teoloxía Dogmática defendido brillantemente hai anos na Universidade Pontificia de Salamanca. Raimon Panikkar, filósofo, teólogo e místico cristián, hindú e budista, é unha referencia cultural, teolóxica, espiritual mundial. As súas teses, coas que tenta crear un corpo de comprensión teolóxica fiel á tradición cristiá, pero irmandada coa tradición hindú e budista, sacoden as mentes dos teólogos occidentais, con frecuencia enfaixados en formas e contidos permanentemente miméticos e moi pouco revitalizadores. Un pensamento creativo e revolucionario que merece que alguén estude a súa seria e complexa armazón.

A este labor dedicouse Victorino cun éxito recoñecido polo mesmo autor estudado, que valorou moi positivamente o resultado final: “Encontro a túa tese moi boa e agradézocho. Paréceme a máis completa das que coñezo”. Xa Victorino nos adiantara parte do seu estudo no libro *Más alla de la fragmentación de la teología. El saber y la vida: Raimon Panikkar*, (Tirant lo Blanch, Valencia 2008); unha obra de obrigada lectura que nos permite entrar no interesante mundo de Raimon Panikkar.

“*Díos, Hombre, Mundo*” é un extenso, rico e substancioso traballo, que cumpre un dobre obxectivo: aproximarnos marabillosamente ao poliédrico pensamento teolóxico de Raimon Panikkar e á reflexión trinitaria de Victorino Pérez no diálogo con ese autor. Aínda que o tema da Trindade ocupa a parte central do estudo, todo o libro ten como obxectivo descubrir unha nova maneira de falar e experimentar a Deus, e aprender a falar desde o experimentado, apegado á mellor tradición cristiá, pero ao tempo en interdependencia coa sensibilidade relixiosa oriental.

O resultado son cinco densos capítulos: o primeiro, titulado “*El discurso sobre Dios: cómo se puede y cómo se debe hablar de Dios*”, axúdanos a situarnos convenientemente, con actitude “pobre” e contemplativa ante toda pretensión de falar de Deus; é a actitude coa que se queren situar tanto Raimón Panikkar e o mesmo Victorino ao longo do libro. O segundo capítulo, titulado “*La experiencia de Dios*”, introdúcenos pedagoxicamente na posibilidade desa mesma experiencia nas nosas vidas, e fáino con densidade argumental e coa simplicidade dun método. O terceiro, “*La realidad personal de Dios*”, aborda o debate sobre a comprensión ou non de Deus como persoa, optando polo criterio de relación máis ca de substancia á hora de pretender entender algo a Deus. O cuarto, “*La Trinidad radical y la intuición cosmote-ándrica*”, o máis longo e central, presenta a elaboración dunha comprensión do feito trinitario, rescatándoo do marco estreito no que o ten encaixado boa parte da tradición católica, grazas a un diálogo frutuoso co pensamento e coa vivencia hindú e budista. Por último, o capítulo quinto, “*El Cristo cosmoteándrico*”, elabora unha cristoloxía ou cristofanía, consecuente coa comprensión teolóxica que se veu desenvolvendo na obra.

O autor pecha o traballo cunhas conclusións, nas que deixa ver posibles lugares de confrontación e conflito entre esta visión de Deus, e a teoloxía e a ortodoxia católica en particular e aínda occidental en xeral. Non é para menos; estamos ante pensadores –Panikkar e Victorino– que conmocionan, cremos que positivamente, para o crecemento e unha nova reformulación creativa, o vello sistema teolóxico caduco, incapaz de lle facer fronte ás demandas de ecumenismo interrelixioso mundial que son o clamor de moita xente e cremos que tamén do mesmo Deus no momento presente.

A obra ten unha acertada estruturación, que actúa como de pedagoga levándonos da man por un mundo conceptual e experiencial descoñecido para o común das xentes de occidente, para así podermos entender os achados finais. Como lle corresponde a un estudo deste cariz, o autor da obra dialoga constantemente con teólogos e teólogas, que se foron achegando tamén a cada tema en cuestión; iso dá pé a unha inmensa bibliografía, que evidencia o denso coñecemento do mundo teolóxico actual por parte de Victorino Pérez.

A editorial Herder maniféstase á altura da riqueza e fondura do traballo de Victorino cunha edición pulcra, coidada, exquisita, que chama á lectura paciente e reflexiva, como a cousa se merece. O campo da teoloxía está de sorte, e quen lea a presente obra poderao comprobar cumpridamente.